

TRABALLO PARA A SEMANA DO 30 DE MARZO

Non vou enviar traballo específico para as vacacións porque considero que o alumnado debe descansar. Aínda así, cadaquén pode aproveitar para repasar ou facer os exercicios destas semanas se non tivo tempo de rematalos. Tamén convén non perder o hábito de ler e de escribir, cada persoa ó seu ritmo. Se algún/ha alumno/a quere que lle envíe indicacións para traballar durante as vacacións que contacte comigo (olalla.linhares@gmail.com). Moito ánimo,

Ademais das tarefas para cada sesión que se propoñen neste documento, as alumnas e alumnos deberán ir escribindo un diario sobre as súas vivencias nestes días. Non é preciso escribir estritamente tódolos días, mais si un mínimo de 3 días á semana. Como mínimo débense escribir unhas 100 palabras de cada vez. Se o facedes a ordenador, podédesme ir enviando isto ó meu correo (olalla.linhares@gmail.com) e eu irei facendo as correccións pertinentes (enviarlo é opcional, non obrigatorio). Podedes facelo na lingua que queirades.

LINGUA GALEGA

1. Completa na seguinte táboa as palabras en galego con *b* ou *v* segundo corresponda. A continuación, debes escribir na columna do lado estas palabras en castelán (ten en conta que nalgúns casos o uso de *b* e *v* cambia). Podes axudarte do dicionario.

GALEGO	CASTELLANO
__aleiro	
a__oa	
a__elá	
mara__illa	
mó__il	
pa__illón	
__en__ida	
__oitre	
in__isi__le	
a__ogada	
gra__ar	
__oda	
no__elo	
aci__ro	
__arrer	
__erniz	

2. Deseguido podes ver tres pares de palabras homófonas. As palabras homófonas son aquelas que soan igual pero que se escriben diferente e teñen diferente significado. Escribe unha oración con cada unha destas palabras de xeito demostres que sabes o significado de cada unha delas.

bota /vota

ben / ven

boa / voa

3. Fai un esquema cos datos máis importantes sobre a vida e a obra de Afonso Daniel Rodríguez Castelao. Podes axudarte da información que se recolle nas páxinas 4, 5 e 6 deste documento.

LENGUA CASTELLANA

1. Escribe un texto argumentativo sobre un tema controvertido (aborto, eutanasia, legalización de las drogas, prostitución, pena de muerte, independencia de Cataluña, poliamor...) que te parezca interesante. Debes de basarte en el siguiente esquema que vimos en clase:

- Primer párrafo: introducción > presentación del tema y de nuestra postura.
- Sigüientes párrafos: argumentación > en cada párrafo desarrollamos un argumento para defender nuestra postura (con 2 o 3 argumentos es suficiente).
- Último párrafo: conclusión > hacemos una síntesis de lo que hemos dicho para reafirmar nuestra postura.

2. Completa la tabla de la siguiente página poniendo delante de cada palabra en castellano el artículo femenino o masculino que corresponda. A continuación, debes de escribir en la columna de al lado estas palabras en gallego también acompañadas del artículo que corresponda. Puedes ayudarte del diccionario y de los apuntes del documento de la semana pasada.

GALEGO	CASTELLANO
	orden
	origen
	margen
	sangre
	viaje
	paisaje
	cumbre
	legumbre
	costumbre
	eme (letra)
	dolor
	color
	calor
	tilde
	leche
	sal
	miel
	nariz
	sudor
	sonrisa
	análisis
	punte
	arte
	alma
	agua
	asma
	canal
	cárcel
	señal
	contraseña
	labor
	tiza

Castelao

7.1 Biografía

Afonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886 – Bos Aires, 1950) é a figura máis sobranceira da cultura galega do século XX. Nel fúndense as facetas de pintor, debuxante, narrador, dramaturgo, ensaísta e político galeguista.

Castelao naceu en Rianxo no seo dunha familia mariñeira. Entre os 10 e os 14 anos reside na Pampa arxentina, onde emigrara seu pai. De volta en Galicia estuda o Bacharelato e a carreira de Medicina en Santiago. Desde novo amosa unha grande habilidade como debuxante e caricaturista.

Durante estes anos participa no sindicato Acción Gallega e ingresa no galeguismo ao entrar en contacto coas Irmandades da Fala, iniciando un intenso labor político que continuará ata a súa morte. Comeza tamén a súa relación co grupo ourensán de Risco, Otero e Cuevillas, e en 1920 faise cargo da dirección artística da revista *Nós*. En 1923 entra a formar parte do Seminario de Estudos Galegos. Paralelamente desenvolve unha ampla actividade como conferenciante, presenta exposicións dos seus debuxos e colabora na prensa como caricaturista e narrador. En 1926 é elixido membro da Real Academia Galega.



Tras o remate da ditadura de Primo de Rivera incrementa a súa actividade política. Participa na creación do **Partido Galeguista**, partido polo cal en 1931 foi elixido deputado en 1931 e 1936. É un dos principais promotores do **Estatuto de Autonomía para Galicia** que será aprobado en plebiscito en 1936.

Ao remate da Guerra Civil exíliase, primeiro en Nova York e logo en Bos Aires, e continúa a súa defensa da causa republicana. Crea en Bos Aires o Consello de Galiza, unha especie de goberno galego no exilio, do que é presidente ata a súa morte en 1950.

Desde 1984 os seus restos repousan no Panteón de Galegos Ilustres de San Domingos de Bonaval, en Santiago.

7.2 A súa obra literaria

Como escritor, Castelao comeza cultivando a narrativa, máis tarde inicia o seu labor como ensaísta e, por último, como dramaturgo.

As principais características da súa obra son as seguintes:

- Crítica social: denuncia das inxustizas que sofren os máis débiles (nenos, anciáns...), defensa das clases populares (labregos e mariñeiros), reivindicación da lingua galega, defensa da democracia fronte ao fascismo e o imperialismo.
- Humor acedo: a través da ironía e a retransa, amosa os defectos da sociedade de galega do seu tempo.
- Lirismo, con abundantes recursos expresivos (anáforas, comparacións, paralelismos...).
- Concisión e brevidade.

Narrativa

Un ollo de vidro (1922)
Cousas (I, 1926; II, 1929)
Retrincos (1934)
Os dous de sempre (1934)

Teatro

Os vellos non deben de namorarse (1950)

Ensaio

Diario (I, 1926; II, 1921)
As cruces de pedra na Bretaña (1930)
Sempre en Galiza (1944)
As cruces de pedra na Galiza (1950)

Narrativa

- *Un ollo de vidro* é unha novela curta centrada no tema de ultratumba: un esqueleto narra as peripecias da súa actual vida nun cemiterio. Predominan o humor negro e o compromiso social.
- *Cousas* reúne un conxunto de breves relatos acompañados dunha ilustración. Ofrecen un mosaico da realidade galega do seu tempo: o mundo mariñeiro, a emigración, retratos de personaxes... As «cousas» son a creación máis orixinal de Castelao e supoñen unha síntese entre a narrativa e a plástica.



A VELLA NON PARA de gabar a súa felicidade. —Esta rapaza baixou do Ceo para ledicia da miña vellez. Un anxo que me mandou o Noso Señor. Unha froliña bonita que naceu do meu corpo de terra. ¡Ai, qué sería de min, soia no mundo, sen agrimo de ningún!



E SE RAPAZ SAÍDO DAS MIÑAS lembranzas de neno, foi un compañeiro da escola, gran enemigo de gatos e capitán arriscado de todos os rrimos.



O SEÑOR ANTÓN VIVÍA cando meu abó era mozo. O Señor Antón foi un pintor de moita sona, e da súa artesanía quedaron probas a barullo. O señor Antón pintaba todo con lindas coores, tapando madeiras e pedras coma se as vestise con traxes de festa.

- *Retrincos* é unha colección de cinco relatos, aparentemente autobiográficos, nos que se narran acontecementos e vivencias do autor en distintos momentos da súa vida.
- *Os dous de sempre* é a única novela longa de Castelao. Presenta a biografía paralela de dous personaxes, Pedriño e Rañolas, amigos desde a infancia e que encarnan dous xeitos diferentes de concibir a vida:
 - Rañolas é o rapaz que, partindo dunhas circunstancias adversas (eivado de corpo, de condición humilde...), vai superando todos os atrancos grazas á súa intelixencia, valentía e idealismo.
 - Pedriño, en cambio, é unha persoa sen vontade, preguiceiro e materialista, que ten por única preocupación comer e folgar.

O narrador acumula múltiples trazos positivos na caracterización do primeiro e negativos para o segundo.

Na portada da novela figuran un paxaro e unha ra, que representan simbolicamente a cada personaxe: o inconformista que ergue o voo superando as dificultades (o paxaro), o pasivo que sempre permanece pegado ao chan (a ra).

Ensaio

- A obra ensaística máis importante é *Sempre en Galiza*. Foi escrita entre 1935 e 1947, e publicada en Bos Aires en 1944 (cunha segunda edición ampliada en 1961). É a obra máis importante do pensamento galeguista da época. Galicia é definida coas características propias dunha nación: territorio diferenciado, lingua propia, tradición cultural... Fronte ao centralismo, propón un federalismo de todos os pobos ibéricos.
- Destacan tamén os seus traballos sobre a arte popular: *As cruces de pedra na Bretaña* (1930) e *As cruces de pedra na Galiza* (1950).

Teatro

Os vellos non deben de namorarse (1941) é a única obra teatral de Castelao. Foi estreada en Bos Aires en 1941 e publicada en libro en Galicia en 1953. Consta de tres lances independentes pero de tema e estrutura semellante, encadrados entre un prólogo e un epílogo.

O prólogo anticipa o tema e o argumento da obra: os amores serodios dos vellos van aparelados á morte.

Os lances presentan tres versións dun mesmo drama: en cada un hai un vello namorado dunha moza e un mozo que rivaliza con el. En todos os lances aparece tamén a morte como personaxe que advirte ao vello das dramáticas consecuencias do seu namoramento.

No epílogo os tres vellos reúnense —xa convertidos en esqueletos— e analizan as circunstancias da súa morte, láianse da súa imprudencia e coñecen noticias das súas mozas respectivas.

Castelao definiu esta peza como «unha obra imaxinada por un pintor e non por literato». Deste modo quería manifestar a importancia que lle concedía aos artificios escenográficos (iluminación, vestuario, decorados...) mediante os cales modernizou o teatro galego do seu tempo.

Obra gráfica

Castelao foi tamén pintor, debuxante e caricaturista, e converteuse na principal figura da arte galega do seu tempo. Publicou os debuxos do álbum *Nós* (1916), *Cincuenta homes por dez réas* (1931), e a serie *Cousas da vida*. Nestas obras presenta personaxes populares, labregos e mariñeiros, e a través do humor dá unha visión crítica da Galicia do seu tempo.


Despois da guerra aparecen os álbums *Galicia mártir* (1937), *Atila en Galicia* (1937) e *Milicianos* (1938), dramáticas estampas da cruel represión fascista en Galicia.

Na Web...




Na Rede atoparedes información, imaxes, vídeos..., que vos permitirán coñecer máis en profundidade a figura de Castelao. Por exemplo:

- Fundación Castelao.
- Castelao na Rede.
- Museo de Pontevedra.



— ¿Que miras?
— Como comen.



— Hai que defender a España.
— Mellor sería que España nos defendese a nós.